

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 23 DE DECEMBRO DE 2020

Ás 10:05 horas do día 23 de decembro de 2020, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 18 de decembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Luz María González Domínguez, instrutora do expediente (decreto 17/102020) (asiste aos puntos 8, 9 e 10)
D^a. Ruth Gallego Santos, suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 2b e 4b)
D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste aos puntos 2a e 4a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para o mantemento do equipamento central do CPD municipal (9.070-113)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. ECONOCOM SERVICIOS, S.A.
 2. ITWISE TECHNOLOGY SERVICES, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 07:12	Páxina 1 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF48-EFBC3C-B227EC-DTR99Z-53TU4E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de "Nova Grada de Marcador do Estadio municipal de Balaídos" (604-441) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 15 de decembro de 2020, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

1. INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.
2. INCOPE CONSULTORES, S.L.

Os dous licitadores presentaron documentación en prazo. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento a INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- b) Non admitir neste procedemento a INCOPE CONSULTORES, S.L. por non ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos, ao non ter presentado o Anexo II esixido na cláusula 14.2 do PCAP e requirido na sesión do 15 de decembro de 2020.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para o mantemento do equipamento central do CPD municipal (9.070-113)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descrición dos documentos que compoñen o sobre B "*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de "Nova Grada de Marcador do Estadio municipal de Balaídos" (604-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descrición dos documentos que compoñen o sobre B "*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 07:12	Páxina 2 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF48-EFBC3C-B227EC-DTR99Z-53TU4E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



referida documentación técnica ao servizo xestor.

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica e servizos auxiliares para a realización da cabalgata estática 2021 (8.627-335)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 15 de decembro de 2020, en cumprimento do acordado na sesión da mesma data, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U.

Durante o prazo concedido, o licitador presentou documentación, da que se deu traslado ao responsable do contrato.

O 17 de decembro de 2020 a instrutora do expediente emitiu informe sobre a xustificación presentada no que conclúe que a oferta "é coherente co orzamento presentado, non existindo discordancia co recollido nas cláusulas 3, 4 e 5 do PPTP polo que enténdese xustificada a oferta económica".

A Mesa acepta, por unanimidade, o anterior informe.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica e servizos auxiliares para a realización da cabalgata estática 2021 (8.627-335)

Entrégase o informe asinado pola instrutora do expediente o 17 de decembro de 2020 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica e servizos auxiliares para a realización da cabalgata estática 2021 (8.627-335)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 07:12	Páxina 3 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF48-EFBC3C-B227EC-DTR99Z-53TU4E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“Primeiro.- Tomar razón da non admisión de PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L., acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo na sesión do 15 de decembro de 2020, por non ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos (cláusula 14 do PCAP).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica e servizos auxiliares para a realización da cabalgata estática 2021 (8.627-335) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U.	100,00
2	SACAFERRO, S.L.	57,57

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U. (B-27.858.398), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)

